

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG121164	CON/2/2018	29-06-18 13:11

Número 12 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato das "Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017)".

Destinatario

15078DCMG121164G



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de xuño de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 12 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS "OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO VIARIO DE ACCESO AS PEREIRAS (A GRACIA) (POS+OBRASSUM/2017)".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 14 de xuño de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/361 de data 22.6.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017)", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017.

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG121164	<i>Expediente</i> CON/2/2018	<i>Fecha</i> 29-06-18 13:11

Primeiro: Con data 15 de maio de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CANARGA CONSTRUCCIONES SL.

Segundo: Con data 12 de xuño seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, F. GOMEZ Y CIA SL, MARTINEZ MONTES E HIJOS SL e OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CANARGA CONSTRUCCIONES SL (CIF: B15360902), por un importe de **51.322,31 euros** (IVE aparte 21%: 10.777,69 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a contratación dun traballador desempregado a xornada completa durante todo o tempo de duración da obra.

Designase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900 2017 2 PPROV 35 5 **INVESTIMENTOS DIPUTACIÓN."**

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, F. GOMEZ Y CIA SL, MARTINEZ MONTES E HIJOS SL e OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, por non xustificar

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG121164	<i>Expediente</i> CON/2/2018	<i>Fecha</i> 29-06-18 13:11

debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

Segundo: Adxudicar o contrato de "Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017)" a favor da empresa CANARGA CONSTRUCCIONES SL (CIF: B15360902), por un importe de **51.322,31 euros** (IVE aparte 21%: 10.777,69 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a contratación dun traballador desempregado a xornada completa durante todo o tempo de duración da obra.

Desígnase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900 2017 2 PPROV 35 5 INVESTIMENTOS DIPUTACIÓN.

O CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON1210JP	Expediente CON/2/2018	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017).

TIPO DE LICITACIÓN: 89.256,20 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 19 de abril de 2018, ás 10:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
 D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños do servizo de Obras e Proxectos.
 Dna. Belen Amor Gómez, en representación da Intervención municipal.
 D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste un representante da Federación Gallega de la Construcción

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	27/03/2018	13.116	B15411705 ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL
2	27/03/2018	13.128	B15122104 EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL
3	28/03/2018	13.241	A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA
4	28/03/2018	13.266	A15008485 ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA
5	28/03/2018	13.298	B15410608 EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
6	28/03/2018	13.302	B15009533 F. GOMEZ Y CIA, SL
7	28/03/2018	13.339	B15648223 ALCOMTE GALICIA, SL
8	02/04/2018	13.534	B15261308 CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL
9	02/04/2018	13.536	B15293145 CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.
10	02/04/2018	13.538	B15546237 SONDEOS PORZUNA, S.L.
11	02/04/2018	13.572	B15289614 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL
12	02/04/2018	13.574	B27144328 EXCAVACIONES SANTIÑOS SL
13	02/04/2018	13.593	A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ SA
14	02/04/2018	13.648	B15025372 MARTINEZ MONTES E HIJOS SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA
15	02/04/2018	13.673	B15608193 OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL
16	02/04/2018	13.693	B70123005 JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL
17	02/04/2018	13.695	B15638802 URBANIZADORA TAYMA SL
18	02/04/2018	13.696	B15081995 CONSTRUCCIONES TARRIO
19	02/04/2018	13.716	B70018981 OBRAS GALLAECIA SL
20	03/04/2018*	13.838	B36533537 MARCONSA MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
21	03/04/2018*	13.846	B15938780 SYR-AMG SLU
22	03/04/2018*	13.852	B70262829 GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU
23	03/04/2018*	13.855	HORDESCON SL
24	03/04/2018*	13.869	B15360902 CANARGA CONSTRUCCIONES SL

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	
CON12I0JP	CON/2/2018	



25	03/04/2018*	13.878	B27802503 NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
26	04/04/2018*	14.093	B94106747 EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS SL
27	04/04/2018*	14.097	B32404972 ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS SL

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumprimentada.


A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	56.981,16
2	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL	56.454,55
3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	62.077,69
4	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	56.008,27
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	48.755,37
6	F. GOMEZ Y CIA, SL	50.751,24
7	ALCOMTE GALICIA, SL	51.652,89
8	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	55.883,31
9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	54.633,72
10	SONDEOS PORZUNA, S.L.	56.418,84
11	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL	54.026,00
12	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	54.553,00
13	NEMESIO ORDOÑEZ SA	52.473,72
14	MARTINEZ MONTES E HIJOS SL	49.900,00
15	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	49.933,89
16	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	67.300,00
17	URBANIZADORA TAYMA SL	71.400,00
18	CONSTRUCCIONES TARRIO	72.300,00
19	OBRAS GALLAECIA SL	52.829,75
20	MARCONSA, S.L.	67.540,74
21	SYR-AMG SLU	59.132,15
22	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU	89.256,20
23	HORDESCON SL	60.819,17
24	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	51.322,31
25	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	69.155,70
26	EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS SL	57.231,08
27	ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	57.097,19

Rematada a apertura dos sobres, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador. Si do informe de valoración das ofertas, resultase que algún licitador se atopa en situación de baixa anormal ou desproporcionada, se lle concederá a preceptiva audiencia por un prazo de cinco días hábiles para a presentación da documentación xustificativa, de acordo cos criterios recollidos no prego de aplicación

Ás 10.50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA




O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1210JP	<i>Expediente</i> CON/2/2018	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017).

TIPO DE LICITACIÓN: 89.256,20 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 15 de maio de 2018, ás 10:05 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: D. Branca Novo, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños do servizo de Obras e Proxectos.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

En cumprimento do acordado na anterior reunión desta mesa, deuse audiencia ás empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, F. GOMEZ Y CIA SL, MARTINEZ MONTES E HIJOS SL e OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL xa que as súas ofertas atopábanse en situación de "valores anormais ou desproporcionados". Preséntase agora o informe realizado polo enxeñeiro municipal de avaliación da documentación xustificativa aportada, na que se propón a súa desestimación, por falta da documentación necesaria ou non ser ésta adecuada ou completa.

Da análise do informe de valoración das ofertas finalmente admitidas despréndese que quén acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador CANARGA CONSTRUCCIONES SL, polo que esta mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, F. GOMEZ Y CIA SL, MARTINEZ MONTES E HIJOS SL e OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador CANARGA CONSTRUCCIONES SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 51.322,31 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:09 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1210JP	<i>Expediente</i> CON/2/2018	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017).

TIPO DE LICITACIÓN: 89.256,20 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 12 de xuño de 2018, ás 9:37 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.


Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, CANARGA CONSTRUCCIONES SL, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión.


Ás 9:42 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA





Expediente: Obras de "Mellora pavimentación viario acceso As Pereiras (A Gracia)" (POS+ 2017)

Asunto: Ordenación das ofertas económicas segundo factor prezo e determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

INFORME TÉCNICO


Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para a ordenación das ofertas económicas (sobre C) segundo o criterio de valoración factor prezo (cláusula 9) e para a determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados (cláusula 15.3) do procedemento de contratación das obras de "**Mellora pavimentación viario acceso As Pereiras (A Gracia)**", incluídas no POS+ 2017 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/2/2018.

Aperтура sobre C

Con data 19/04/2018 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura do sobre A e do sobre C dos licitadores non excluídos ata dito momento. Efectuada a mesma, non se detectaron incidencias que apuntar. En consecuencia, as ofertas económicas dos licitadores que continúan no procedemento foron:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA	VINCULADAS
1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	56.981,16 €	36,16%	
2	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	56.454,55 €	36,75%	
3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	62.077,69 €	30,45%	
4	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	56.008,27 €	37,25%	
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	48.755,37 €	45,38%	5 / 6
6	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	50.751,24 €	43,14%	5 / 6
7	ALCOMTE GALICIA, S.L.	51.652,89 €	42,13%	
8	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	55.883,31 €	37,39%	8 / 9 / 10
9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	54.633,72 €	38,79%	8 / 9 / 10
10	SONDEOS PORZUNA, S.L.	56.418,84 €	36,79%	8 / 9 / 10
11	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	54.026,00 €	39,47%	11 / 12
12	EXCAVACIONES SANTIÑOS, S.L.	54.553,00 €	38,88%	11 / 12
13	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (NOSA)	52.473,72 €	41,21%	
14	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	49.900,00 €	44,09%	
15	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.933,89 €	44,06%	
16	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	67.300,00 €	24,60%	
17	URBANIZADORA TAYMA, S.L.	71.400,00 €	20,01%	
18	CONSTRUCCIONES TARRIO, S.L.	72.300,00 €	19,00%	
19	OBRAS GALLAECIA, S.L.	52.829,75 €	40,81%	
20	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	67.540,74 €	24,33%	
21	SYR-AMG, S.L.U.	59.132,15 €	33,75%	
22	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	89.256,20 €	0,00%	
23	HORDESCON, S.L.	60.819,17 €	31,86%	
24	CANARGA, S.L.	51.322,31 €	42,50%	
25	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	69.155,70 €	22,52%	
26	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	57.231,08 €	35,88%	



Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA	VINCULADAS
27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	57.097,19 €	36,03%	

Orzamento I.V.E. incluído (anexo I.3.A):	108.000,00 €
Orzamento base (sen 21% de I.V.E.):	89.256,20 €
Prazo de execución (anexo I.6):	2 meses

Ordenación das ofertas segundo o criterio de valoración


De acordo coa cláusula 9 do PCAP, o contrato, sen prexuízo do establecido no mesmo en relación coas ofertas con valores anormais ou desproporcionados, adxudicarase á empresa que presente a oferta económica mais vantaxosa consistente no prezo mais baixo.

Preséntase a continuación a ordenación de menor a maior dos licitadores non excluídos ata este momento segundo o prezo ofertado para o contrato:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	5	EXPLORACIONES GALLEGAS, S.L.	48.755,37 €	45,38%
2º	14	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	49.900,00 €	44,09%
3º	15	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.933,89 €	44,06%
4º	6	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	50.751,24 €	43,14%
5º	24	CANARGA, S.L.	51.322,31 €	42,50%
6º	7	ALCOMTE GALICIA, S.L.	51.652,89 €	42,13%
7º	13	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (NOSA)	52.473,72 €	41,21%
8º	19	OBRAS GALLAECIA, S.L.	52.829,75 €	40,81%
9º	11	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	54.026,00 €	39,47%
10º	12	EXCAVACIONES SANTIÑOS, S.L.	54.553,00 €	38,88%
11º	9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	54.633,72 €	38,79%
12º	8	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	55.883,31 €	37,39%
13º	4	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	56.008,27 €	37,25%
14º	10	SONDEOS PORZUNA, S.L.	56.418,84 €	36,79%
15º	2	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	56.454,55 €	36,75%
16º	1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	56.981,16 €	36,16%
17º	27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	57.097,19 €	36,03%
18º	26	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	57.231,08 €	35,88%
19º	21	SYR-AMG, S.L.U.	59.132,15 €	33,75%
20º	23	HORDESCON, S.L.	60.819,17 €	31,86%
21º	3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	62.077,69 €	30,45%
22º	16	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	67.300,00 €	24,60%
23º	20	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	67.540,74 €	24,33%
24º	25	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	69.155,70 €	22,52%
25º	17	URBANIZADORA TAYMA, S.L.	71.400,00 €	20,01%
26º	18	CONSTRUCCIONES TARRIO, S.L.	72.300,00 €	19,00%
27º	22	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	89.256,20 €	0,00%

Determinación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados

De conformidade coas consultas efectuadas á Sección de Contratación en anteriores procedementos de licitación, no caso de concorrencia de empresas vinculadas, é de aplicación o artigo 86 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP). En consecuencia, para aplicar o réxime de apreciación de ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados, para cada grupo de empresas vinculadas tomarase unicamente a oferta mais baixa. No caso da presente licitación resulta de aplicación sobre os seguintes grupos de vinculación:



ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	5	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	48.755,37 €	45,38%
4º	6	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	Vinculada	
9º	11	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	54.026,00 €	39,47%
10º	12	EXCAVACIONES SANTIÑOS, S.L.	Vinculada	
11º	9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	54.633,72 €	38,79%
12º	8	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	Vinculada	
14º	10	SONDEOS PORZUNA, S.L.	Vinculada	

A determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados realízase mediante o procedemento previsto na cláusula 15.3.2 do PCAP segundo o suposto de 4 ou mais ofertas tendo en conta o sinalado para os grupos de vinculación:

1. Ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre C e non vinculados

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	5	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	48.755,37 €	45,38%
2º	14	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	49.900,00 €	44,09%
3º	15	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.933,89 €	44,06%
5º	24	CANARGA, S.L.	51.322,31 €	42,50%
6º	7	ALCOMTE GALICIA, S.L.	51.652,89 €	42,13%
7º	13	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (NOSA)	52.473,72 €	41,21%
8º	19	OBRAS GALLAECIA, S.L.	52.829,75 €	40,81%
9º	11	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	54.026,00 €	39,47%
11º	9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	54.633,72 €	38,79%
13º	4	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	56.008,27 €	37,25%
15º	2	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	56.454,55 €	36,75%
16º	1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	56.981,16 €	36,16%
17º	27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	57.097,19 €	36,03%
18º	26	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	57.231,08 €	35,88%
19º	21	SYR-AMG, S.L.U.	59.132,15 €	33,75%
20º	23	HORDESCON, S.L.	60.819,17 €	31,86%
21º	3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	62.077,69 €	30,45%
22º	16	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	67.300,00 €	24,60%
23º	20	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	67.540,74 €	24,33%
24º	25	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	69.155,70 €	22,52%
25º	17	URBANIZADORA TAYMA, S.L.	71.400,00 €	20,01%
26º	18	CONSTRUCCIONES TARRIO, S.L.	72.300,00 €	19,00%
27º	22	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	89.256,20 €	0,00%

2. Media das ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre C e non vinculados (1ª media) 59.490,50 €
3. Valor límite das ofertas para a consideración do cálculo dunha nova media (1ª media + 6,67%) 63.458,52 €
4. Ofertas económicas que superan o valor límite e exclúense do cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
22º	16	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	67.300,00 €	24,60%
23º	20	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	67.540,74 €	24,33%
24º	25	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	69.155,70 €	22,52%
25º	17	URBANIZADORA TAYMA, S.L.	71.400,00 €	20,01%
26º	18	CONSTRUCCIONES TARRIO, S.L.	72.300,00 €	19,00%
27º	22	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	89.256,20 €	0,00%

5. Ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	5	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	48.755,37 €	45,38%
2º	14	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	49.900,00 €	44,09%
3º	15	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.933,89 €	44,06%
5º	24	CANARGA, S.L.	51.322,31 €	42,50%
6º	7	ALCOMTE GALICIA, S.L.	51.652,89 €	42,13%
7º	13	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (NOSA)	52.473,72 €	41,21%
8º	19	OBRAS GALLAECIA, S.L.	52.829,75 €	40,81%
9º	11	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	54.026,00 €	39,47%
11º	9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	54.633,72 €	38,79%
13º	4	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	56.008,27 €	37,25%
15º	2	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	56.454,55 €	36,75%
16º	1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	56.981,16 €	36,16%
17º	27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	57.097,19 €	36,03%
18º	26	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	57.231,08 €	35,88%
19º	21	SYR-AMG, S.L.U.	59.132,15 €	33,75%
20º	23	HORDESCON, S.L.	60.819,17 €	31,86%
21º	3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	62.077,69 €	30,45%

6. Media das ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da mesma (2ª media) 54.784,05 €

7. Valor límite das ofertas económicas para a súa consideración como temeraria (2ª media – 6,67%) 51.129,95 €

8. Ofertas económicas inferiores ao valor límite para a súa consideración como temerarias

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	5	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	48.755,37 €	45,38%
2º	14	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	49.900,00 €	44,09%
3º	15	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.933,89 €	44,06%
4º	6	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA., S.L.	50.751,24 €	43,14%

Conclusión

A vista do establecido no PCAP do procedemento de licitación, sométese a consideración da mesa de contratación a avaliación das seguintes ofertas económicas presentadas en canto ao establecido no mesmo para as ofertas con valores anormais ou desproporcionados:

- EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.
- MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.
- OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA., S.L.

Segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP, serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.

b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

2. Volume de obra

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Xustificarse mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Ademais do sinalado no PCAP, o técnico que subscribe solicita que sexa incluído nos requirimentos aos licitadores que *“só se aceptarán como elementos a avaliar das xustificacións presentadas aqueles que estean acreditados e debidamente documentados”*.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís





CONCELLO DE SANTIAGO

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA	EXCLUSIÓN 2ª MEDIA	OFERTAS TEMERARIAS
1º	5	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	48.755,37 €	45,38%		Temeraria
2º	14	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	49.900,00 €	44,09%		Temeraria
3º	15	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.933,89 €	44,06%		Temeraria
4º	6	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA., S.L.	50.751,24 €	43,14%	Vinculada	Temeraria
5º	24	CANARGA, S.L.	51.322,31 €	42,50%		
6º	7	ALCOMTE GALICIA, S.L.	51.652,89 €	42,13%		
7º	13	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (NOSA)	52.473,72 €	41,21%		
8º	19	OBRAS GALLAECIA, S.L.	52.829,75 €	40,81%		
9º	11	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	54.026,00 €	39,47%		
10º	12	EXCAVACIONES SANTÍÑOS, S.L.	54.553,00 €	38,88%	Vinculada	
11º	9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	54.633,72 €	38,79%		
12º	8	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	55.883,31 €	37,39%	Vinculada	
13º	4	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	56.008,27 €	37,25%		
14º	10	SONDEOS PORZUNA, S.L.	56.418,84 €	36,79%	Vinculada	
15º	2	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	56.454,55 €	36,75%		
16º	1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	56.981,16 €	36,16%		
17º	27	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	57.097,19 €	36,03%		
18º	26	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	57.231,08 €	35,88%		
19º	21	SYR-AMG, S.L.U.	59.132,15 €	33,75%		
20º	23	HORDESCON, S.L.	60.819,17 €	31,86%		
21º	3	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	62.077,69 €	30,45%		
22º	16	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	67.300,00 €	24,60%	Excluír	
23º	20	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	67.540,74 €	24,33%	Excluír	
24º	25	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	69.155,70 €	22,62%	Excluír	
25º	17	URBANIZADORA TAYMA, S.L.	71.400,00 €	20,01%	Excluír	
26º	18	CONSTRUCCIONES TARRIO, S.L.	72.300,00 €	19,00%	Excluír	
27º	22	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	89.256,20 €	0,00%	Excluír	

Orzamento I.V.E. incluído (anexo I.3.A):	108.000,00 €
Orzamento base (sen 21% de I.V.E.):	89.256,20 €
Prazo de execución (anexo I.6):	2 meses
Media das ofertas económicas non excluídas e non vinculadas (1ª media):	59.490,50 € 33,35%
Valor límite cálculo 2ª media segundo cláusula 15.3.2 (+6,67%):	63.458,52 € 28,90%
Media das ofertas non excluídas e non vinculadas inferiores ao límite para 2ª media:	54.784,05 € 38,62%
Valor límite ofertas temerarias segundo cláusula 15.3.2 (-6,67%):	51.129,95 € 42,72%





**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Expediente: *Obras de "Mellora pavimentación viario acceso As Pereiras (A Gracia)" (POS+ 2017)*

Asunto: *Análise documentación xustificación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados*

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para o análise das documentacións achegadas por EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L., OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA) e FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA., S.L. como xustificación das súas ofertas económicas presentadas no procedemento de contratación das obras de "**Mellora pavimentación viario acceso As Pereiras (A Gracia)**", incluídas no POS+ 2017 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/2/2018.

Antecedentes

Con data 19/04/2018 se informou que as ofertas económicas de EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L., OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA) e FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA., S.L. encóntanse en situación de "*ofertas con valores anormais ou desproporcionados*" nos termos establecidos na cláusula 15.3.2 do PCAP.

Con data 08/05/2018 recibíuse do Servizo de Contratación a seguinte documentación presentada a tal efecto:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		LICITADOR
		DATA	REXISTRO	
1º	5	27/04/2018	17.748	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.
2º	14	30/04/2018	18.000	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.
3º	15	26/04/2018	17.537	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)
4º	6	27/04/2018	17.745	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA., S.L.

Segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP, son criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.

- b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

- a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.
b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

2. Volume de obra

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Xustificarse mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Descrición das obras licitadas

De acordo co proxecto construtivo que figura no perfil do contratante da páxina web oficial do Concello, as obras consisten no acondicionamento e mellora do firme no viario proxectado mediante a substitución das regas asfálticas existentes por unha capa de mestura bituminosa en quente. Paralelamente, se realizarán as obras que sexan necesarias en cada caso en relación as cunetas perimetrais existentes e a mellora de algunhas destas executando os correspondentes tubos de formigón soterrados.

Análise técnico das xustificacións presentadas

En anexo ao presente informe, incorpórase o análise individualizado e pormenorizado da documentación presentada, tendo en conta a documentación requirida segundo o establecido na cláusula 15.3.3 do PCAP.

Conclusión

Propónse á mesa de contratación a desestimación de todas as ofertas económicas analizadas por ser anormais ou desproporcionadas polos seguintes motivos:

- **EXPLORACIONES GALLEGAS, S.L.**
Non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico.
- **MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.**
Non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico.
- **OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)**
Non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico.




**CONCELLO DE
SANTIAGO**

- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA., S.L.

Non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

O Enxeñeiro de Camiños municipal,



Asdo.: Miguel Fernández Solís

ANÁLISE TÉCNICO DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS

EXPLORACIONES GALLEGAS, S.L.

FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA., S.L.

Os dous licitadores presentan de forma individual a súa documentación xustificativa, sendo as mesmas practicamente idénticas, polo que o seu análise é o mesmo. Apuntar que nas súas ofertas económicas declararon expresamente a súa vinculación.

Cada un deles achega unicamente un documento de 2,5 páxinas no que realizan unha serie de consideracións xerais que carecen totalmente de calquera rigor técnico e non permiten un mínimo análise para su avaliación. Manifestan que as súas respectivas ofertas económicas difiren en unha mínima cantidade do valor límite para a súa consideración como anormal ou desproporcionada.

Non presentan ningunha documentación para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da súa oferta segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP.

En conclusión, a vista do antedito, os licitadores non presentan a documentación requirida no PCAP e as súas xustificacións carecen de rigor técnico, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormais ou desproporcionadas.

MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.

Achega unicamente un documento de unha páxina no que realiza unha serie de consideracións xerais que carecen totalmente de calquera rigor técnico e non permiten un mínimo análise para su avaliación.

Non presentan ningunha documentación para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da súa oferta segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP.

En conclusión, a vista do antedito, non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionadas.

OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)

Achega unicamente un documento de unha páxina no que realiza unha serie de consideracións xerais que carecen totalmente de calquera rigor técnico e non permiten un mínimo análise para su avaliación.

Non presentan ningunha documentación para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da súa oferta segundo o sinalado na cláusula 15.3.3 do PCAP.

En conclusión, a vista do antedito, non presenta a documentación requirida no PCAP e a súa xustificación carece de rigor técnico, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionadas.